


# Programa de educación ambiental:

## atención aos grupos de visitas educativas



### Destinatarios das visitas educativas


O Programa de Educación Ambiental de Sogama pon a disposición das persoas interesadas en visitar o Complexo Medioambiental de Cerceda (A Coruña), actividades adaptadas ao perfil dos solicitantes.

As **visitas educativas** están dirixidas a grupos de escolares **menores de 18 anos**, dos seguintes niveis educativos: Educación primaria (EP), Educación secundaria obrigatoria (ESO), Formación Profesional de grao medio (FPGM) e Bacharelato (BACH).

### Obxectivos

O Programa de atención a grupos de visitas ten como obxectivos:

- **Ampliar os niveis de coñecemento de Sogama entre a cidadanía**, explicando a súa actividade e o funcionamento das súas instalacións.
- **Promover actitudes persoais máis respectuosas coa contorna**, fomentando a protección do medio natural e o desenvolvemento sostible.
- **Motivar á poboación para a adopción de boas prácticas** en relación á separación en orixe dos residuos e o seu depósito nos distintos contedores existentes para a súa recollida selectiva e posterior reciclaxe.
- **Sensibilizar na importancia do consumo responsable e a redución da produción de residuos**, poñendo exemplos prácticos sobre desperdicio alimentario, reparación de obxectos, doazón solidaria...
- **Difundir os principios da economía circular** para aproveitar ao máximo os recursos materiais dos que dispoñemos, alongando o ciclo de vida dos produtos e evitando a xeración de residuos.



## Metodoloxía e estrutura das visitas educativas

A metodoloxía empregada na atención aos grupos de visitas educativas caracterízase polo seu dinamismo, interacción e participación activa dos asistentes.

A actividade comeza cunha exposición dinámica de información, que se reforza de forma gráfica, audiovisual e interactiva.

As **visitas educativas** contarán coa seguinte estrutura de actividades:

1. **Recepción** do grupo na entrada do edificio de oficinas do Complexo Medioambiental de Cerceda, presentación do equipo educativo e entrada na aula educativa.
2. **Charla informativa e formativa na aula educativa** a través dunha presentación dinámica de información e datos sobre as instalacións e a súa funcionalidade, con elementos gráficos que reforzan as ideas e conceptos claves, e adaptada a cada perfil de visita e a cada nivel educativo.
3. **Visualización dun vídeo inmersivo das instalacións 360°** a través de lentes de realidade virtual, combinada coa posibilidade de demostrar as habilidades separando lixo cun xogo de arcade.
4. **Actividades dinámicas** adaptadas ao nivel educativo do grupo: contacontos, maratón do lixo, rosco da reciclaxe e resolución de enigmas tipo escape room.
5. **Recorrido en bus polas instalacións** realizando un repaso da funcionalidade de cada instalación, sen apearse do mesmo.
6. **Peche da actividade** coa aclaración de dúbidas, a avaliación por parte dos visitantes e a despedida do grupo.

